

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE 48 TRAXES DE INTERVENCIÓN DE TIPO ESTRUCTURAL CON ARNÉS INTEGRADO CON DESTINO AO SERVIZO DE PREVENCIÓN, EXTINCIÓN DE INCENDIOS E SALVAMENTO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO (BOMBEIROS LUGO). EXP. REF: 2020/C004/000015.-----

Sendo as 10:00 horas do día 1 de agosto de 2020 nas instalacións do Parque de Bombeiros de Lugo constitúese a Mesa de Contratación presidida por dona Ana Isabel Sáez Mancebo xefa de servizo de Contratación e Patrimonio e actuando como vocais:

- dona Gema Vázquez Rey, xefa de sección de Intervención.
- don Manuel Louzao Aldariz, titular da Asesoría Xurídica.
- don Miguel López Palacios sarxento do servizo de Bombeiros.

E actuando como secretaria dona Ana Tabarés Martínez técnico do servizo de contratación e patrimonio.

Asiste a este acto don Luis Enríque Rodríguez Martínez en nome de El Corte Inglés.

A continuación procedese a apertura das caixas onde están incluídas as mostrax dos traxes resultando correcta a súa presentación conforme os pregos.

Asígnase un código a cada mostra: (EL CORTE INGLES DIVISION COMERCIAL, S.A. Código 0, SAGRES, S.L. Código X, GRUPO DISNANGA, S.L. Código -- e, de seguido entregase aos membros da Mesa unha proposta de diferentes escenarios para a práctica das probas segundo previsto nos pregos técnicos.

Na súa consecuencia, procédese á efectiva realización das probas dos traxes polos bombeiros Enrique López Trashorras e Alberto Santos, alternando a orde dos escenarios e mostrax e alternando igualmente as probas entre os bombeiros para garantir a necesaria obxectividade.

Logo da realización das probas do Escenario 1 dentro das dependencias municipais e sendo preciso a realización do resto das probas ao exterior ou en escenarios especiais, os membros da Mesa retíranse quedando o Sarxento de Bombeiros responsable da correcta realización das probas e da custodia dos traxes.

Unha vez se rematen as probas deberán realizar a correspondente avaliación e emisión de informe en relación co criterio "Confort, comodidade, mobilidade, seguridade e a ergonomía do bombeiro" con proposta de puntuación de cada licitador que será remitida ao Servizo de Contratación aos efectos de convocar nova Mesa de Contratación para -en acto público- proceder á lectura do dito informe técnico de valoración e apertura dos sobres C (ofertas económicas e suxeitas a criterios avaliábeis automaticamente).

Sen máis que manifestar, conclúese co asunto de referencia ás 11,30 horas.

A PRESIDENTA, (sinatura dixital)
Asdo.: Ana Isabel Sáez Mancebo

A SECRETARIA, (sinatura dixital)
Asdo.: Ana Tabarés Martínez

CVD: 0Gfz0hMIPm9hgxA1BnCQ
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONTRATACIÓN E PATRIMONIO

AIS/atm

Refª: ispac4436826049659694560.doc

Asunto: acto apertura caixas mostras traxes bombeiros 01.09.20